



Federación Galega de Atletismo
Avda. Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA
Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056.
Correo: comitegalegoxuices@gmail.com
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/cgx/>
<http://www.atletismogalego.com>



Recoñecida entidade de utilidade pública, Lei 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

COMITÉ GALEGO DE XUÍCES
CIRCULAR Nº 6/2017

Asunto: **MODIFICACIÓN DAS NORMAS DO PANEL DE OPERADORES DE CRONOMETRAXE ELÉCTRICO DO C.G.X.**

O Comité Galego de Xuíces publica as normas do Panel de Operadores de Cronometraxe Eléctrico e as actualizacións dos paneis de Operador e Auxiliares, trala modificación e aprobación por parte da Xunta Directiva do CGX.

Ditas normas entran en vigor na data de publicación desta circular.

A Coruña, 28 de Marzo de 2017

Vº Bº
O SECRETARIO XERAL
Asdo./ Víctor Arufe Giráldez
(no orixinal)

PRESIDENTE DO C.G.X.
Asdo./ Eloy Bretal Cancelas
(no orixinal)



Asunto: **NORMAS DO PANEL DE OPERADORES DE CRONOMETRAXE ELÉCTRICO DO C.G.X.**

1. O Panel C.E. da FGA estará coordinado polo Xuíz RFEA Nivel 1 Angel Fidalgo Vázquez (fotofinishfga@gmail.com).
2. Os membros do Panel C.E. da FGA serán os únicos autorizados para a toma de tempos eléctricos en probas oficiais en Galicia para que se lles poida dar validez aos mesmos.
3. Para poder pertencer ao Panel de C.E. da FGA é condición indispensable posuír a licenza de xuíz.
4. **Promoción/Formación.** Establecese un método de formación continua, na que calquera membro do panel poderá formar ós aspirantes no manexo e funcionamento dos equipos de C.E., sempre informando o Coordinador do Panel C.E. da F.G.A. e co visto bo do Delegado de Xuíces da súa Provincia e do Comité Galego de Xuíces.
 - Formación teórico-práctica, fora de competición, no manexo e funcionamento dos equipos de C.E., consistente en un número de horas/días necesario segundo o formador correspondente.
 - Desenvolvemento, baixo supervisión dun membro do panel de C.E., en competición. Instalación, aliñado e funcionamento do equipo de C.E.
 - Adquirir experiencia e acostumarse ó ritmo de competición. Aumento progresivo da complexidade das probas a controlar: probas escolares, controis, Trofeos e Campionatos.
 - Actuar de Forma autónoma en competición. A ser posible como máquina de backup en un Campionato.
 - Incorporación ó Panel de C.E.
5. **Validación.** Unha vez rematada a formación os aspirantes enfrontaranse a un proceso de avaliación na forma establecida. Formarán parte do Panel C.E. aqueles xuíces que superen con valoración positiva o proceso dirixido polo Coordinador do Panel C.E. da FGA, ou calquera membro dos Paneis "A" e "B" RFEA de Xuíz Xefe de Foto-Finish, consistente nunha posible proba teórico-práctica e dun obrigatorio período de supervisión no control de probas atléticas con C.E. E indispensable que o Coordinador do Panel C.E. da FGA estea informado en todo momento dos procesos de avaliación que se leven a cabo.
6. Con carácter xeral, as delegacións da FGA serán as que se aseguren de contar cun operador do Panel de C.E. para o cronometraxe das súas competicións, informando de selo caso, das necesidades de operadores ó coordinador do Panel C.E. ou ó CGX cun mínimo de 10 días de antelación. O mesmo se establece se as necesidades das delegacións da FGA son de equipos de C.E.



7. Nas competicións que pola súa relevancia se considere oportuno, o Comité Galego de Xuíces fará designacións de Xuíz Xefe de Fotofinish con independencia do equipo e operador de C.E. que actúen nesa proba.
8. **Protocolo de actuación.** Os membros do Panel C.E. de Galicia están obrigados a seguir o protocolo de actuación ditado por Comité Galego de Xuíces a través do devandito Panel para o control de probas atléticas no ámbito galego. O protocolo de actuación inclúe o seguinte:
- A. **Previo a Competición.** Coa Delegación FGA correspondente ou co CGX:
- Verificar o horario de apertura da instalación onde se desenvolverá a competición.
 - Verificar a hora na que o equipo de cronometraxe estará a nosa disposición na instalación.
 - Ser consciente do estado de funcionamento do equipo de cronometraxe que imos a utilizar.
- B. **Na instalación** na que se desenvolverá a competición:
- Asegurarse que a liña de meta está marcada de acordo a regra IAAF 165.16. Dispoñer do material necesario para un posible remarcado.
 - Inicio do montaxe do equipo a lo menos 75 minutos antes do inicio da primeira carreira (ou coa antelación necesaria en función da complexidade e das peculiaridades da instalación). Isto implica chegar a instalación co tempo suficiente para a descarga do equipo, se cumpriese.
 - Estar en disposición de facer o Control “0” 30 minutos antes do inicio da primeira carreira.
 - Realización do Control “0” en presenza do Xuíz de Saídas e do Xuíz Arbitro.
 - Establecer un protocolo de comunicación entre os integrantes do equipo de saídas e os integrantes do equipo de cronometraxe. Facer o mesmo co equipo de chegadas. Asegurarse que todos os interesados o coñecen.
- C. **Despois da competición.** Dentro das 48 horas seguintes á celebración da competición o operador procederá a enviar ó Coordinador do Panel de C.E. (fotofinishfga@gmail.com) os seguintes documentos:
- Envío dunha copia do Control “0” da competición. O Control “0” incluirá dúas liñas de resultados no mesmo, nunha o tempo deberá reflectirse en dezmilésimas e noutra o tempo deberá reflectirse en milésimas.
 - Envío dunha copia da imaxe de foto-finish, na que se vexan tódalas rúas da pista, dunha carreira por rúas.
 - Envío dunha copia da imaxe de foto-finish, dunha carreira por rúa libre, ou sexa, superior a 400 metros.

NOTA.- Neste tipo de carreiras, unha vez que o primeiro clasificado cruce a liña de meta, será necesario gravar a imaxe de calquera atleta que cruce a liña de meta, anotando nun papel una marca de verificado (V) o una equis (X) dependendo de que o atleta que cruce a liña de meta finalice a súa carreira ou deba dar máis voltas.



Federación Galega de Atletismo

Avda. Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA

Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056.

Correo: comitegalegoxuices@gmail.com

Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/cgx/>
<http://www.atletismogalego.com>



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

Recoñecida entidade de utilidade pública, Lei 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

- Envío, de producirse, dunha copia da imaxe de foto-finish, dunha carreira na que se producira un récord autonómico ou nacional ou unha marca de especial relevancia (mínima internacional, etc...).
 - Identificación de operadores/adxunto/auxiliar.
 - Deberá informarse, obrigatoriamente, de calquera anomalía detectada no funcionamento do equipo de C.E. o de algún dos seus compoñentes, ó Coordinador do Panel C.E., á Delegación FGA correspondente ou C.G.X. Informarase igualmente ó resto dos operadores que usan habitualmente a máquina de C.E.
 - De ser designado Xuíz Xefe de Foto-finish, enviar dentro das 48 horas seguintes á celebración da competición do correspondente informe (fotofinishfga@gmail.com).
9. E obrigatorio, que no equipo informático (portátil) do equipo de C.E. que se use, quede unha copia de tódolos arquivos que se graven dentro da celebración da competición. Deberá crearse unha carpeta para cada competición que incluíra tódolos arquivos da mesma. Estas carpetas non poderán estar protexidas por ningún tipo de contrasinal.
10. A falta de actividade continuada poderá supoñer a exclusión do Panel C.E. A falta do cumprimento do protocolo de actuación suporá a exclusión do Panel C.E. daqueles xuíces que incorran naquilo.